



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime
Cuiñas Gómez, Iñigo
García Señorán, María del Mar
Pérez Abellás, Adolfo
Pillado González, Esther
Roca Pardiñas, Javier
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén

PDI-A:

García-Pintos Escuder Adela
Meana Martínez Juan Carlos
Pou Saracho Juan María
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena

PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
González Jorge, Higinio

ESTUDANTES:

Carrillo Pérez, Rosalía
González Varela, Luis
Martínez Rey, Adrián
Pereira Sánchez, Pablo

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Castro Cerceda M^a Luisa
Fernández Fernández, Federico A.
García Fontán Soledad
Llamas Nistal Martín
Pérez Cota Manuel
Tellado González, Fernando
Vallejo Pousada Rafael

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 29 de outubro de 2015, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **29 de outubro de 2015** ás 10:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 17 de xullo de 2015.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación se procede, dos Criterios para a selección de áreas de coñecemento na convocatoria de prazas de Profesorado contratado doutor no ano 2015.
4. Informe sobre a modificación do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.
5. Aprobación, se procede, da primeira edición do título propio Máster en Dereito Económico.
6. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na creación da Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia.
7. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
8. Aprobación, se procede, da declaración institucional en prol de Comercio Xusto.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito.
10. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Fisioterapia.
12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.
13. Nomeamento do/a representante no *Consejo de Estudiantes Universitario del Estado (CEUNE)* a proposta do sector alumnado do Consello de Goberno.
14. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Ángel Rodríguez Gallardo, contra o acordo do Consello de Departamento de Lingua Española, de 19/03/15, no que se aproban as actas das reunións dos días 10/09/14, 4/10/14 e 18/12/14, respectivamente.
15. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado contra o acordo de 10/04/15, polo que o Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions

- aprobou o procedemento de elaboración do POD e contra a aprobación da proposta de POD 2015/2016.
16. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. María del Carmen Trinidad López contra os acordos adoptados polo Consello de Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía celebrado o día 7 de xullo de 2015.
 17. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. María Eloisa Santos Armentia contra os acordos adoptados polo Consello de Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía celebrado o día 7 de xullo de 2015.
 18. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de cotutela de tese de doutoramento.
 19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Ocean University of China*, Qingdao – Convenio marco de cooperación internacional entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Burdeos – Modelo de convenio de cooperación internacional entre a *Université de Bejaia (Algérie)* e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma Metropolitana* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma Metropolitana* para a mobilidade de alumnos – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de América* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de América* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Santa Cruz do Sul* para o desenvolvemento de actuacións conxuntas no marco do Campus da Auga – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Euskal Herriko Unibertsitatea* – Internacional multi-socio cultural e acordo marco científico coa *Escuela Europea de Doctorado en Procesos Avanzados de Oxidación (POAs)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional Agraria de la Selva* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional Agraria de la Selva (Perú)* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Centro de Investigación y Desarrollo Tecnológico en Electroquímica, S.C.* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Centro de Investigación y Desarrollo Tecnológico en Electroquímica, S.C. (México)* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica de Santiago del Estero* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica de Santiago del Estero* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de cooperación interinstitucional entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Estatal de Milagro* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Hermilio Valdizan-Huámuco* para el intercambio de estudantes – Convenio específico para o Programa de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada entre as universidades de Vigo, Coruña e o *Instituto Politécnico de Porto* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Juventino Rosask* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Université Mohammed V de Rabat* – Acordo de cotutela de tese de doutoramento coa Universidade “Vasile Alecsandri” de Bacau, Romanía.
 20. Elección dos membros da Comisión de Calidade: 3 estudantes, 1 PDI e 1 PAS.
 21. Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 2 PDI.

22. Rogos e preguntas.

Antes de dar comezo aos puntos da orde do día da presente sesión, o reitor refíre os membros do Consello de Goberno que escusan a súa asistencia. A continuación, comunica que foron invitados a participar desta sesión persoas afectadas por diversos puntos, de acordo co art. 2.5 do Regulamento de réxime interno do CG. En relación co punto 14, D. Ángel Rodríguez Gallardo (prof. que presenta recurso contra o acordo do Consello Depto. de Lingua Española) e D. Miguel Cuevas Alonso (Dir. Dpto.). En relación co punto 15: D. Fernando Pérez Fontán (representante dos prof. que presentan recurso contra o acordo do Consello Dpto. de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns) e dona Carmen García Mateo (directora do. Dpto.). Puntos 16 e 17, dona M^a del Carmen Trinidad L3pez e M^a Elo3sa Santos Armentia que presentan recurso contra acordo do Consello do Dpto. de Bioqu3mica, Xen3tica e Inmunolox3a. Lembra o reitor que o director do departamento, D. Javier Rodr3guez Berrocal, xa 3 membro deste Consello.

Punto 1. Aprobaci3n, se procede, da acta correspondente 3 sesi3n ordinaria do 17 de xullo de 2015.

O reitor indica que non se presentaron alegaci3ns 3 acta; ao non haber comentarios ou suxesti3ns 3 mesma por parte de ning3n dos presentes, prop3n a s3a aprobaci3n.

Apr3base por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Comeza o seu informe dando conta da repercusi3n sobre o persoal da universidade do Real Decreto-Lei 10/2015, publicado o pasado 12 de setembro. Lembra, inicialmente, a recuperaci3n de d3as de asuntos propios e vacaci3ns perdidos, comunicado na resoluci3n reitoral do 5 de outubro, e da recuperaci3n da parte restante da paga extra, retirada no ano 2012, para proceder, despois, a comentar a modificaci3n da LOU, introducida na disposici3n final segunda, relativa a convocatoria de prazas de profesorado funcionario.

Comenta o reitor que, consonte con este RD e sempre que as prazas estean dotadas nos seus orzamentos, as universidades poder3n convocar prazas de profesorado titular e catedr3tico mediante unha quenda libre, e prazas de catedr3tica ou catedr3tico mediante promoci3n interna. Explica que o procedemento para a convocatoria de prazas de quenda libre segue condicionado pola taxa de reposici3n de efectivos, que 3 do 50% para o ano 2015 e do 100% para 2016, segundo a lei de orzamentos do estado para este ano. Estas prazas poden asignarse 3 TU, CU ou a profesorado contratado doutor, sempre destinando un 15% das mesmas a prazas de CD, 3s que s3 poder3n acceder as persoas que rematasen un contrato como investigadoras Ram3n y Cajal e dispo3nan do certificado I3. Destaca o reitor o feito de que, polo tanto, a taxa de reposici3n segue a lastrar a nosa Universidade, m3is afectada por esta medida que outras universidades de maior idade media. Comprom3tese a seguir loitando para a s3a supresi3n.

Contin3a explicando que o cambio radical deste decreto 3 que incorpora prazas de promoci3n interna ao corpo de CU, 3s que poder3 presentarse calquera persoa pertencente ao corpo de TU de calquera universidade do Estado, coa acreditaci3n requirida, ou ben da escala de

investigadores científicos de organismos públicos de investigación. Son prazas adicionais ao número máximo establecido na lei de orzamentos anual, e o seu número está limitado, como máximo, ao número de prazas de profesorado funcionario que se convoquen na oferta de emprego público anual. Comenta o reitor que esta é a resposta á taxa dinámica que se propuña dende as universidades, pero cunha metodoloxía tendenciosa, que provoca que a súa utilización sexa limitada. Indica tamén que esta vía está a ser tratada na mesa de negociación para unha planificación futura.

Por último, sinala que o Real decreto establece que as prazas que se ocupen por mobilidade de profesorado non computarán no cálculo do número máximo de prazas da oferta de emprego público. Destaca que esta medida fai incidencia na presunta endogamia da universidade, polo que se favorece o acceso ao de fóra, podendo presentarse calquera persoa do mesmo corpo doutra universidade do Estado ou calquera pertencente ás escalas de investigadores científicos e científicos titulares de organismos públicos de investigación.

Resumindo, poderá convocarse na oferta de emprego público un número de prazas de profesorado permanente que virá dada pola taxa de reposición anual. Adicionalmente, poderán convocarse prazas de mobilidade e prazas de promoción interna de profesorado titular a catedrático ás que poderá presentarse profesorado titular de calquera universidade do Estado ou da escala de investigadores científicos.

A continuación o reitor pasa a informar do plano de financiamento das universidades, aprobado no Consello Galego de Universidades o 13 de outubro, que definirá o marco orzamentario da nosa universidade ata o 2020. Inicia a presentación do acordo acadado destacando tres aspectos positivos; comezando coa propia existencia dun plan plurianual, continua reivindicación das universidades que non existe noutras comunidades, e que permite realizar unha planificación a medio prazo. En segundo lugar, destaca o aumento do montante global, adaptado á realidade económica que preconiza o Goberno, e que permite obter máis recursos tras unha etapa de continuo descenso do financiamento público. Pero o reitor matiza que este incremento non é moi importante e que no 2016 apenas se notará, xa que será absorbido polas devolucións das pagas extras, o crecemento vexetativo e a recuperación salarial; percibirase no 2017. Tamén apunta que no texto do plan indícase que se os datos macroeconómicos melloran, podería mellorarse este incremento. Como terceiro aspecto positivo, destaca o abandono dos criterios históricos no orzamento estrutural, necesario para realizar a función básica da universidade. Esta é unha antiga reivindicación desta Universidade, xa que anteriormente non existían criterios obxectivos. Agora o reparto axustarase a criterios racionais, polo que o reparto entre as universidades corresponderase cos seus indicadores e de xeito que o contribuínte pague o mesmo pola docencia dun alumno en cada universidade do SUG. Dentro deste apartado sinala que non comparte que se financie de xeito diferencial a docencia clínica fronte as demais, habería que recoñecer tamén o custo máis elevado das docencias científicas e tecnolóxicas, e seguirase presionando para lograr dito recoñecemento. Son estes factores positivos, aínda que con matices, os que levaron á aprobación deste plan.

Comenta de seguido os aspectos negativos do plan, comezando polo financiamento por obxectivos. Destaca que, a pesar do aumento nominal desta partida ao 33% en relación co plan anterior, que era un 30%, na realidade prodúcese unha regresión, posto que agora se inclúen no financiamento por resultados un conxunto de conceptos, como os fondos destinados á UNED, as achegas para os consellos sociais, ou mesmo os sexenios incluídos anteriormente na parte de financiamento estrutural. O reitor valora que esta partida de resultados por indicadores en

realidade redúcese a un 15%. Como matiz positivo destaca que, polo fondo de axuda ás universidades con déficit, na medida que se vaian corrixindo as ineficiencias como consecuencia do plan de axuste que deben cumprir, irase reducindo a compoñente estrutural e aumentando a de resultados. Valora moi negativamente tamén o cambio producido no panel de indicadores para a medición dos resultados, xa que foran consensuados no plan anterior e a modificación realizouse sen realizar unha análise da súa utilidade. Non comparte o emprego de indicadores que non se ponderan polo factor tamaño, que son absolutos. Subliña o reitor que se pretendía incrementar a importancia de algúns deses indicadores, por exemplo a transferencia, que resalta a importancia da produción indirecta, pero neste plan no só non se incrementou, senón que mesmo diminuíu. Tampouco se ten en conta o emprego dos egresados nin a internacionalización nin a mobilidade. Como matiz positivo en relación a esta partida, no plan dótase dunha comisión de seguimento coa capacidade de calibrar os indicadores anualmente e, polo tanto, de promover cambios. O reitor manifesta que loitaremos para que se melloren a partir do 2016, postura que foi apoiada cando se realizou a presentación no Consello Galego de Universidades, polo que confía en que se produza esa mellora. Tendo en conta os aspectos positivos e os matices expostos, emitiu o seu voto favorable ao igual que as outras universidades. O crecemento mínimo que ofrece este plan permite un certo respiro.

A continuación o reitor informa da sinatura dalgúns convenios e acordos nas últimas semanas, que considera especialmente salientables. Comeza dando conta da xuntanza mantida o 7 de outubro coa nova presidenta da Deputación de Pontevedra, na que se acordou impulsar a sinatura dun convenio marco, entregado onte mesmo na Deputación, para unha colaboración "sistemática e estratéxica" coa Universidade de Vigo. Proponse a creación dunha comisión mixta para o desenvolvemento dun plan de actuación anual centrada en ámbitos temáticos, como o impulso da especialización dos campus da Universidade de Vigo na provincia de Pontevedra, o Campus CREA S2i e o Vigo Tecnolóxico, o impulso do emprego e emprendemento xuvenil na provincia, así como a colaboración en todo tipo de actividades académicas e de potenciación da mobilidade dos membros da comunidade.

Prosigue o reitor comunicando a sinatura dun convenio, que denominou histórico, entre as tres universidades do SUG para regular a colaboración entre as tres institucións na docencia clínica do Grao en Medicina da USC. Destaca que o obxectivo deste convenio é crear un modelo colaborativo para mellorar a formación dos futuros profesionais da medicina de Galicia, que conte con todo o potencial do SERGAS e das universidades do SUG. Deste xeito, a partir deste mesmo curso o profesorado das universidades de Vigo e A Coruña, pertencentes ás áreas de coñecemento relacionadas coa saúde, poderán colaborar na docencia clínica do Grao en Medicina. Para cada área de coñecemento, o número de profesores e profesoras das outras universidades adscrito a esta modalidade non poderá superar o 15% das necesidades de persoal docente e investigador que teña a propia entidade compostelá destinados a esa área. As materias de práctica clínica e rotatoria do último curso do grao serán impartidas por profesores asociados de Ciencias da Saúde (PACS), adscritos tanto ao Instituto de Investigación Biomédica de Vigo como ao da Coruña ou aos propios hospitais universitarios. Fai fincapé o reitor na importancia de que, a partir de agora, a consideración académica será a mesma para todos os profesores que impartan esta docencia, o que que non sucedía ata o de agora.

Informa de seguido de que, o mesmo día, asinouse en Ourense entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Axencia Portuguesa do Ambiente e as Universidades de Vigo e Porto o protocolo de colaboración para desenvolver o proxecto de cooperación transfronteiriza

“Risc Miño-Limia”. Un plan cuxo obxectivo é mellorar o coñecemento das concas internacionais, co ánimo de minimizar os efectos ante fenómenos extremos de intensas choivas ou secas prolongadas. Este proxecto supón unha gran aposta de especialización para o Campus da Auga. E presentárase á candidatura dos proxectos de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal. Conta con gran apoio institucional por parte de ambos países e o reitor confía que acade o financiamento preciso, 2,5 millóns de euros, que o constituirá o primeiro gran proxecto internacional no que se implicaría o Campus da Auga.

No seu informe, o reitor dá conta do compromiso da Consellaría de Educación no financiamento do proxecto de creación dunha sede institucional da Universidade de Vigo no Casco Vello, cun millón e medio de euros do total orzamentado, de aproximadamente 2 millóns, de xeito que por fin a Universidade poderá iniciar a rehabilitación dos tres edificios cedidos na praza de O Berbés. Lembra o reitor que o acordo arrancou coa aprobación do Consorcio do Casco Vello da cesión dos inmobles á Universidade en setembro de 2014, que foi ratificado ante notario en maio deste ano. Neste tempo, realizouse o plan de necesidades e a busca dos recursos precisos. Antes de que remate 2015, prosigue, publicárase o concurso para a redacción do proxecto, para proceder posteriormente á licitación da obra. O convenio coa Xunta de Galicia, que xa ten retido o importe comprometido, asinarase a principios do ano próximo, asumindo a Universidade o pago do IVE, polo que é necesario axustar o importe da obra, cinguíndose ao prego de condicións. A sede será unha realidade en 2018, sita nun lugar emblemático, porta de entrada polo mar na cidade.

Noutra orde de cousas, comenta a primeira convocatoria do programa propio de captación de talento investigador de excelencia. Como puideron comprobar, iniciouse unha campaña de difusión na prensa galega e, simultaneamente, estase a difundir no exterior, internacionalmente, para que os investigadores de alto nivel poidan acudir a esta convocatoria.

A continuación, o reitor di que debemos felicitarnos como universidade por dous feitos importantes, en primeiro lugar, pola obtención por parte do Campus de Pontevedra da primeira bandeira verde coa que a FEE (Foundation for Environmental Education) reconece en España a un campus universitario polo seu traballo en materia de xestión e educación ambiental. Foi concedido por unanimidade por un xurado nacional do proxecto Green Campus e será recibido ao longo do próximo mes. En segundo lugar, refire o reitor a recente aparición da Universidade de Vigo no ránking de transparencia entre as sete universidades máis transparentes do Estado, na segunda cualificación máis alta. Subliña o reitor a importancia de ter acadado o máximo nivel de transparencia a nivel da xestión económica.

Tamén informa o reitor dos avances realizados na creación do Consorcio Interuniversitario Galego (CISUG). As tres universidades veñen traballando nos últimos meses a prol da creación dun Consorcio Interuniversitario que dea resposta ao artigo 66 da Lei do Sistema Universitario de Galicia, que impón a súa creación entre as universidades públicas do SUG. Froito dese traballo, xa temos un borrador dun convenio de creación do consorcio interuniversitario, así como dos estatutos, que recollen a vontade das tres universidades de colaborar dos eidos académico, económico e de xestión. Tras a aprobación da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, modificouse o marco normativo de xeito fundamental, e nese novo marco faise imprescindible a participación da Xunta de Galicia de xeito máis importante do previsto, xa que será a Administración á que deberá adscribirse o consorcio. Polo tanto, vaise proseguir a negociación entre as tres universidades, pero xa coa participación da Secretaría Xeral de Universidades e as Direccións Xerais da Función Pública e de Orzamentos.

A próxima xuntanza levarase a cabo a finais de novembro. Destaca o reitor a importancia da creación deste consorcio, que permitirá regularizar os actualmente existentes: Bugalicia, CIXUG e CIUG, así como a creación dunha ventá de traballo para os títulos interuniversitarios.

Para finalizar o seu informe, o reitor dá conta da baixa como membro do Consello de Goberno, por designación do reitor, do alumno Brais Fortes Novoa, que será substituído por Alexandre Louzao Carreira, tamén estudante da Escola de Enxeñaría Industrial. Indica que xa foi convocado a esta sesión.

Intervén o representante do alumnado, D. Luis González, para explicar que non lle foi posible asistir por ter un exame.

Punto 3. Aprobación se procede, dos Criterios para a selección de áreas de coñecemento na convocatoria de prazas de Profesorado contratado doutor no ano 2015.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A vicerreitora comeza indicando que o documento que se presenta e foi achegado aos membros do CG, reflicte uns criterios similares aos acordados nos dous anos anteriores, modificados para adaptarse á convocatoria de prazas de profesorado contratado doutor e para cubrir a existencia dun perfil de persoas candidatas, que ademais da acreditación correspondente deben ter rematado o seu contrato Ramón y Cajal e dispoñer do certificado I3. Atendendo ao criterio de respectar no posible os criterios de anos anteriores, o primeiro borrador deste documento foi elaborado na vicerreitoría, e presentado e debatido en dúas reunións da mesa de PDI. Considera a vicerreitora que, como resultado deste debate, o documento mellorou e recolle dun xeito máis completo todas as casuísticas que poden aparecer no proceso. Aínda que non conta co apoio maioritario das forzas sindicais, entende que existe apoio a boa parte do documento, estando a principal discrepancia no cómputo global das áreas sen considerar separadamente os campus. A proposta conta con informe favorable da COAP.

A continuación, a vicerreitora pasa a detallar o procedemento: En primeiro lugar, realizarase unha convocatoria para que o profesorado que tiña a condición de profesorado contratado doutor interino con data 31 de decembro de 2014, poida solicitar participar na mesma e optar á convocatoria da praza que ocupa interinamente. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, elaboraranse dúas listas coas áreas ás que pertencen estas persoas. Na primeira lista (lista A) só poderán estar incluídas as áreas das que existan solicitantes que cumpran o requisito de ter rematado o seu contrato Ramón y Cajal e dispoñer do certificado I3. Na segunda lista (lista B) estarán incluídas as áreas de todas as persoas solicitantes. Ambas listas ordenaranse por orde crecente dun parámetro “P”, que se obtén como o cociente entre a carga docente e o número de PDI con vinculación permanente da área. Deste xeito, terán prioridade as áreas nas que exista maior déficit de profesorado permanente. En caso de empate do indicador P, terá preferencia a área con maior carga docente. Para áreas con menos de 6 PDI a tempo completo, o cálculo realízase no conxunto do departamento. En caso de empate, calcularase P na área e terá preferencia a área cun menor valor de P.

Seleccionaranse, en primeiro lugar, 2 prazas de distinto ámbito da lista A, se é posible, e a continuación 6 áreas da lista B, garantindo unha praza por ámbito, se é posible. Só poderá seleccionarse unha praza por área, salvo que queden prazas vacantes. No caso de seleccionarse máis de unha praza por área, recalcularase P tras cada asignación.

No caso de existir máis de unha solicitude por área, a creación e a convocatoria da praza referirase á ocupada pola persoa candidata con maior antigüidade na figura de profesorado contratado doutor interino. De persistir o empate, seleccionarse a praza ocupada pola persoa con maior antigüidade na acreditación que dea acceso á praza.

Para rematar, a vicerreitora solicita do Consello de Goberno a delegación da selección de áreas e da creación das prazas na COAP.

Finalizada a intervención da vicerreitora, ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Rodríguez Berrocal sinala que, como membro da COAP que estivo presente na sesión da mesma, votou en contra desta proposta e desexa explicar o seu voto, xa que o manterá tamén no Consello de Goberno. Indica que non está en contra do documento en si, xa que se trata dunha proposta técnica, senón que está en contra do procedemento no seu conxunto. Na súa opinión, lévase demasiado tempo sacando prazas de CD, deberían crearse prazas de funcionario, titular e catedrático de universidade. Indica que xa existe un número elevado de acreditados para TU e o criterio establecido polo Ministerio abre o camiño á promoción de CU e, polo tanto, trala publicación do Real decreto, debería terse modificado acordo inicialmente tomado no CG de 17 de xullo para a oferta pública de emprego do PDI da Universidade de Vigo.

Intervén o profesor Díez Ferrer, quen explica que, como representante da parte social, actuou limitado por dous condicionantes: un exterior, como é a taxa de reposición, que sempre actúa na nosa contra, e outro interior, derivado da redacción torticeira dos parámetros. Manifesta que se mantivo o acordo previo tomado nunha mesa de negociación antes das eleccións sindicais e explica que no debate desta proposta a representación sindical amosouse en contra da proposta, porque defenden que a selección das prazas deber realizarse por área e campus, xa que se puxo de manifesto que, ao non existir unha normativa de mobilidade, impídese que a aplicación sexa igualitaria.

Toma a palabra o profesor Reigosa Roger, quen refire que distintas universidades do Estado convocan novas prazas aproveitando o Real decreto. No noso caso, destas 8 prazas que temos pola cativa taxa de reposición, e mantendo as dúas para “Ramón y Cajal”, entende que as outras seis podería ser de Titular de Universidade, o que daría orixe a seis prazas de CU. En segundo lugar, desexa realizar unha pregunta: este equipo reitoral favorece dalgún xeito a convocatoria de prazas de Contratado Doutor?, xa que noutros anos se favorecía esta contratación, pero nesta lei parece que se ven favorecidas as universidades que seguen a vía da funcionarización. Pregunta se existe unha política nesta liña.

Responde a vicerreitora ao profesor Rodríguez Berrocal, en relación a afirmación de que levamos demasiado tempo sacando prazas de CD, que convén lembrar que esta é a primeira que se fai. Nos casos anteriores convocáronse prazas de funcionario. O que se comprobou é que quen accede a esas prazas son os PDI que xa eran contratados doutores. Enlaza neste punto coa resposta ao profesor Reigosa e explica que é necesario considerar que a intención do Real decreto é que non se aumente o cadro de persoal estable das universidades. Porque se, como se demostra, convocan prazas de titular que son gañadas polos contratados doutores, en realidade non incrementamos en nada a estabilidade, nin o importe salarial dos traballadores. Por outra parte, as prazas para os Ramón y Cajal si especifica o decreto que deben ser de laboral, garantindo que as gañen os que non están estabilizados. Neste sentido, a política deste equipo de goberno é seguir intentando mellorar a estabilización do cadro de persoal.

En resposta á intervención do profesor Diez Ferrer, indica que coincidimos na urxencia de redactar unha normativa de mobilidade, indica que hai modelos a imitar noutras universidades, pero coa dificultade engadida de posuír tres campus.

Por último, comenta novamente o expresado polo profesor Reigosa Roger; indica que, en efecto, poderíanse convocar 6 prazas de funcionario (TU ou CU), xerando o mesmo número de prazas de CU, pero foi o acordo que se tomou na mesa de negociación.

A nivel de política, explica que cando inicialmente se tomou o acordo, primouse a estabilización dos interinos. Cando saíu publicado o RD, decidiuse parar a oferta pública de emprego para poder volver a debatelos na mesa de negociación, reflexionando se debería cambiarse diante da “pseudo taxa dinámica” proposta polo Ministerio.

Intervén o reitor para indicar que neste debate nos levou a considerar que existían distintos problemas de seguridade xurídica para o aproveitamento desta oportunidade. Reitera que seguiremos a loitar pola anulación da taxa de reposición e seguiremos coa nosa ruta de promoción. Pero se non se modifica a liña do Ministerio e no 2016 temos a mesma situación, realizarase unha proposta de planificación que nos permita eliminar en tres anos a bolsa de interinos, funcionarizando este colectivo, cun número de prazas crecentes, pero con seguridades xurídicas. Debemos compaxinar promoción con estabilización, xa que temos un número moi elevado de PDI que, por imperativo legal, seguen como interinos, e que queremos estabilizar. Para que, posteriormente, podan acceder ás prazas de funcionario.

Finaliza o reitor, expoñendo que a negociación pola modificación desta situación reiniciarase ao principio de ano, trala constitución e estabilización do novo Goberno que saia das eleccións de decembro.

Tras o debate, realízase a votación a man alzada e se aproba a proposta de *Criterios para a selección de áreas de coñecemento na convocatoria de prazas de Profesorado contratado doutor no ano 2015 (Anexo I)*, por 26 votos a favor, 3 en contra e 6 abstencións.

Punto 4. Informe sobre a modificación do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica de Profesorado, xa que a modificación proposta garda relación coa súa área de competencias.

A vicerreitora explica que a Comisión de Estudos de Posgrao, é a encargada de regular os aspectos relacionados cos estudos de mestrado e de doutoramento. Pero dende a creación da Escola Internacional de Doutoramento, esta Comisión queda restrinxida exclusivamente aos másters, polo que o seu campo competencial é reducido. Polo tanto, negociouse cos membros da propia Comisión a cesión desta competencia a outra comisión, concretamente á COAP. Esta decisión coincidiu co inicio da modificación dos Estatutos, polo que poderán cambiarse neste sentido. Pero, dada a dificultade para reunirse, é preferible non agardar e é urxente realizar a modificación.

Para elo, proponse eliminar o artigo 25 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, no que se regula a composición e funcionamento da Comisión, e a introdución dunha disposición transitoria na que se recolla a delegación das competencias de máster na COAP. Para proceder a esta modificación, o artigo 27 do Regulamento de réxime interno do Consello de

Goberno especifica que as propostas de reforma serán dirixidas á presidencia, acompañadas dun texto articulado e da argumentación na que se fundamentan. Tamén se recolle que deberán ser debatidas e aprobadas nunha sesión extraordinaria do CG. Pero, previamente ao debate, deberá ser aprobado no CG a conveniencia da súa reforma. De acordarse, abrirase un prazo de presentación de emendas e suxestións ao texto presentado.

O que se propón é que o Consello de Goberno dea o visto e praxe para que se leve a cabo esta modificación, de ser así, abrirase un período de emendas, para que nunha sesión extraordinaria se aprobe.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, da primeira edición do título propio Máster en Dereito Económico.

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen comenta a proposta que foi entregada xunto coa convocatoria, lembrando que os títulos propios deben ser aprobados polo Consello de Goberno na súa primeira edición. Destaca que se trata dunha proposta realizada polo Departamento de Dereito Público Especial e que ten todos os informes favorable de todos os servizos e da COAP.

A vicerreitora fai especial fincapé en que se trata dun máster que os destinatarios serán exclusivamente os licenciados pola la Universidade Pública do Estado de Amapá en Brasil, ou os residentes alí, xa que en ningunha das universidades dese Estado ofrécese formación de posgrao en Dereito e Economía, co obxectivo que as persoas matriculadas coñezan os aspectos esenciais sobre a constitución brasileira e a normativa da Unión Europea en referencia co ámbito económico-xurídico da empresa.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín para preguntar se esta iniciativa vén derivada dunha relación da UVigo con este Estado, ou si se trata dunha iniciativa no marco dunha cooperación internacional, xa que non existe subvención para este máster, que polo que se detalla na memoria vai ser ben remunerado.

Toma a palabra o Sr. Xoán Cebro para comentar que, como se amosa na memoria económica do máster, o gasto derivado do persoal PDI é costeado pola matrícula dos alumnos. Pero, non sabe como repercute no PAS. Pregunta quen vai xestionar este máster a nivel de matrícula etc; considera que, xa que se está negociando unha RPT, debería terse en conta a xestión destes títulos. Di que hai unha estrutura ben montada na Escola de Industriais, pero quen levaría este máster sería a secretaría de alumnos.

A vicerreitora explica que a proposta que se presenta é un título propio de carácter semipresencial, pensado exclusivamente para alumnado brasileiro que, como todos os títulos propios, debe autofinanzarse, polo que non suporá custe algún para a nosa Universidade. Por iso, tampouco hai unha achega económica da Universidade de Amapá, aínda que esta pode ofrecer bolsas para os seus alumnos, externas ou por matrícula, tamén lembra que os títulos propios se xestionan a través de Bubela.

O Sr. Xoán Cebro indica que no caso doutros títulos propios, como Esdemga, existe un pago a maiores aos administrativos que os xestionan.

Responde o xerente, precisando que a percepción adicional que se percibía inicialmente xa non existe na actualidade. Explica que a xestión dos títulos propios se leva no negociado de títulos propios, e a inscrición e matriculación dos alumnos nos cursos desenvólvense a través da plataforma Bubela.

Insiste o Sr. Cebro en que non se quere entrar na análise da xestión dos títulos propios. O reitor finaliza esta parte das intervencións, cedendo a palabra novamente á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen aclara que a relación co Estado de Amapá establécese a través do departamento que avala o título propio; non xurde a partir dunha relación institucional que, como en moitas ocasións, iníciase a través de contactos profesionais do profesorado. Salienta a vicerreitora que é importante o feito de que este título non compete con ningún dos da nosa Universidade, xa que está limitado ao alumnado daquela rexión.

Conclúe o reitor que os títulos propios dan resposta á necesidades concretas de formación nalgún ámbito concreto, e isto é o que se propón para a aprobación do Consello de Goberno.

O representante de alumnos D. Luis González, reitera a pregunta de se os alumnos da Universidade de Vigo non se poden matricular, respondendo a vicerreitora que non, que é un máster que vai ser impartido alí. O reitor insiste en que se trata dun encargo académico que nos realizan ante a carencia destes estudos alí.

Solicitada a realización de votación, realízase a man alzada, resultando aprobada a proposta con 25 votos a favor, ningún en contra e 7 abstencións.

Punto 6. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na creación da Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia.

Realiza o reitor unha presentación acerca do interese económico que a Fundación reviste para o sur de Galicia e a nosa Universidade, destacando que é unha acción estratéxica ligada a unha das catro liñas do Vigo Tecnolóxico. Como xa foi avanzado en informes previos, estase avanzando na posta en marcha do Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia que, conxuntamente coa aprobación no ámbito académico da titulación de Enxeñaría a impartir en Ourense, se vai constituír nun foco de innovación e desenvolvemento dos sectores aeronáutico e espacial en todo o noroeste peninsular.

Destaca o reitor que imos ter con nós a todas as principais empresas deste sector en Galicia e a un ente internacional tan importante como Airbus. Na constitución deste centro axúntanse todas as vontades, xa que a el estarán adscritos todos os grupos de investigación do AtlanTic e da agrupación Industria e Enerxía que axunta grupos da Escola de Enxeñaría Industrial e da Escola de Enxeñaría de Minas, pero tamén conta co apoio explícito da Xunta de Galicia.

Continúa explicando que un paso moi importante nesta liña é a creación da Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia, que será un ente con personalidade xurídica propia no que a Universidade actuará como patrón fundador público, xunto coa Zona Franca de Vigo, incluíndose como membros fundadores outros catro integrantes de carácter privado: Airbus, Delta Vigo, o Consorcio Aeronáutico Galego (CAG) e a Unión de Empresas Galegas de Aeronáutica (Udega). De aprobarse a proposta de adhesión da Universidade, aceptaríanse os estatutos que se achegan coa documentación entregada aos membros do Consello, así como unha achega de 24 000 euros; cantidade bastante simbólica para o inicio do funcionamento da Fundación. Recalca o reitor que os desenvolvementos posteriores serán os que considere este

padroado, basicamente á petición das empresas. A Zona Franca contribuirá con instalacións de Zona Franca en Porto do Molle (Nigrán).

Subliña o reitor que é unha iniciativa que vai abrir un espazo de oportunidades para o desenvolvemento dos nosos grupos de investigación do ámbito tecnolóxico en xeral e, máis concretamente, daqueles que están máis próximos a responder ás demandas que vaian facendo os socios empresariais, fundamentalmente das escolas de enxeñaría de Teleco, Industriais e Minas. Trátase polo tanto, di o reitor, dunha boa nova, unha idea global cun claro futuro, polo que se trae a este Consello de Goberno a aprobación da participación nela da Universidade de Vigo.

O representante dos estudantes, D. Luis González, anuncia a súa abstención na votación.

O profesor Reigosa Roger, pregunta se esta Fundación quere ser o xermolo dun futuro Centro Tecnolóxico coa participación da Xunta de Galicia.

Responde o reitor que co desenvolvemento do plano económico poderá acabar constituíndo un centro tecnolóxico, pero aclara que sen a participación da Xunta, xa que na actualidade está a abandonar os centros xa existentes. Pero reitera que o apoio da Xunta é explícito e que, unha vez se constitúa o centro, asinarase un contrato programa de arranque que nos permitirá fichar a un director xeral de prestixio externo e financiar tamén o equipo técnico co que arranque o centro.

Intervén o profesor Higinio González para expresar que se trata sen dúbida dunha excelente noticia e que abrirá unha excelente oportunidade, especialmente para o Campus de Ourense no que se implantou a titulación de Enxeñaría Aeroespacial. Pregunta, polo tanto, por que non se creou o centro nese Campus.

Responde o reitor que o deseño político realizado establece a creación dun triángulo entre Lugo, co centro de Rozas, Ourense e Vigo para potenciar o sector aeroespacial. Destaca tamén de xeito claro o apoio específico Consorcio da Zona Franca de Vigo, que contribuirá non só coa infraestrutura, senón coa financiación necesaria para as accións que se decidan no padroado. Esta oferta non se realiza noutros centros tecnolóxicos de España, polo que as empresas están facturando fóra.

O profesor Higinio González indica a conveniencia de considerar a dotación da infraestrutura que se describe na documentación achegada, para evitar as duplicacións que en ocasións se producen.

O reitor responde dicindo que todas esas decisións de adquisicións deberán ser tomadas no padroado, que a documentación que se presenta é un plan de negocios non una proposta definitiva. Destaca neste sentido o peso que as empresas do sector teñen no padroado (Delta Vigo, Coasa, Airnova etc.), así como a sinerxía entre elas.

Apróbase por asentimento co voto particular de D. Luis González.

Punto 7. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen pasa a expor a solicitude de autorización para a incorporación con cargo a remanentes de libre disposición, tal e como figuran na documentación recollida no **Anexo II**.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da declaración institucional en prol de Comercio Xusto.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen fai a presentación da declaración en ausencia do vicerreitor de Extensión Universitaria.

A secretaria xeral expón que con esta declaración Institucional en favor do Comercio Xusto e da Compra Pública Ética, a Universidade de Vigo inicia a súa andaina cara á consecución do estatus de Universidade polo Comercio Xusto, sendo a pioneira entre as universidades galegas e do norte de Portugal en promover esta iniciativa. Esta declaración pretende sensibilizar e implicar á comunidade universitaria na necesidade de poñer en práctica hábitos de consumo responsables. Este primeiro estadio implica plasmar o compromiso institucional da Universidade de Vigo, posicionándose politicamente en favor deste Comercio Xusto e da Compra Pública Ética. A través deste compromiso, recoñécese a importancia que posúe o coñecemento da realidade do campesiñado e dos e das artesás daqueles países máis empobrecidos, favorecendo a accesibilidade e mailo consumo dos produtos de Comercio Xusto nos Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra. Unha vez exista esa declaración institucional, e exista a axeitada oferta deste tipo de produtos nos nosos campus, será necesaria a promoción dos mesmos, en orde a que progresivamente a comunidade universitaria adquira consciencia da súa responsabilidade en tanto en canto ten poder de consumo.

Pero, explica a secretaria xeral, este é un compromiso máis alá da promoción do Comercio Xusto, xa que a Universidade de Vigo deberá introducir progresivamente criterios de Compra Pública Ética nas súas contratacións (p. ex. sobre condicións laborais dignas, sobre salarios mínimos ou dereitos dos traballadores etc.), apostando sempre polo estándares máis esixentes. Engade, que a existencia dun grupo promotor, composto por membros da comunidade universitaria, facilitará o intercambio, a coordinación e a difusión deste tipo de actividades; permitindo tamén que sexan introducidos no mesmo outro tipo de axentes que impulsen e supervisen a marcha das accións emprendidas en favor deste consumo ético e responsable.

Aprobase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito.

Punto 10. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Punto 11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Fisioterapia.

Punto 12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

O reitor indica que, dada a similitude dos seus contidos, os puntos 9, 10, 11 e 12 poden seren tratados conxuntamente, polo que cede a palabra á secretaria xeral para a súa presentación

A secretaria xeral comeza lembrando que, como se recolle no artigo 46 dos Estatutos da Universidade de Vigo é función do Consello de Departamento “A elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno” e, do mesmo xeito, no artigo 39

dos Estatutos sinalase que é competencia do Consello de Goberno a aprobación de todas as normativas que non sexan competencia do Claustro. Polo tanto, preséntanse para a súa aprobación os regulamentos dos seguintes departamentos, que contan, todos eles co informe favorable da Asesoría Xurídica, e que foron aprobados polas correspondentes Xuntas de centro, concretamente, os días:

- 21 de maio de 2015, a Xunta de Centro da Facultade de Dereito;
- 23 de setembro, a Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación;
- 5 de outubro, a Xunta de Centro da Facultade de Fisioterapia;
- 6 de outubro de 2015, a Xunta de Centro da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas

Intervén o Sr. Xoán Cebro que, como representante do PAS, fai notar que, se ben en todas as comisións delegadas que se inclúen nos regulamentos figuran representantes dos tres sectores da Universidade, na Comisión de Calidade que se propón non é así. Chama a atención, di o Sr. Cebro que, mentres que existen dous/dúas representantes do persoal docente e investigador con docencia, un/unha estudante de cada titulación, figura o administrador de centro ou PAS en quen delegue, o que non é unha representación. Sinala que o PAS ten que elixir os seus propios representantes, polo que, con esta redacción votará en contra.

Responde a secretaria xeral indicando que no deseño das comisións de calidade non se intentou eliminar ningún sector, pero primouse a operatividade, intentando reducir o número de membros da mesma. Como se ve na propia redacción do texto os membros da mesma son os coordinadores das titulacións ou membros directamente implicados nas mesmas. Os centros consideraron que o Administrador de Centro era o PAS máis implicado na coordinación de todos os servizos.

Intervén dona Eva Lantarón que, como decana de Fisioterapia, explica que no regulamento do seu centro se recolle que a composición e funcións da Comisión de Garantía de Calidade serán as establecidas no Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade, que foi aprobado pola Xunta de Facultade. Nel se recolle a presenza de dous membros do PAS, sendo un deles o administrador do centro. Sinala que, finalmente, non se presentou ninguén para esa praza.

Comenta o reitor que os regulamentos presentados son legalmente correctos e o procedemento para a súa aprobación tamén o é, pero que, estando presentes algúns dos decanos ou directores dos centros, cédelles a palabra por se desexan as decisións dos mesmos.

Intervén o representante do PAS, o Sr. Pérez Gómez, para indicar que, aínda que normalmente non entra a valorar os regulamentos de réxime interno dos centros, porque son normativas internas, si considera, neste caso, que os órganos de representación deben garantir o modelo de representación de toda a Universidade.

A decana da Facultade de CC. Empresariais e Turismo, dona Elena Rivo, reitera que non hai vontade de excluír a ningún sector. Que no regulamento do seu centro se plasma a composición recollida no Manual de Calidade, no que se indica expresamente que debe figurar o administrador do centro. No caso do seu centro, o mesmo administrador valorou que xa actuaba na representación do PAS.

O director da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, D. Iñigo Cuññas, intervén na mesma liña. E engade que en ocasións os centros se atopan coa dificultade de atopar candidatos para a

representación deste sector. Destaca que o regulamento que aquí se presenta foi aprobado pola Xunta de Centro e o PAS, en ningún momento reclamou esta decisión.

Replica o Sr. Cebro, e di que cando leu os textos falou cos técnicos de calidade, e lle dixeron que, en efecto, o administrador do centro ten que estar na Comisión, pero que iso non elimina a representación do PAS.

Intervén o reitor para propoñen que se modifique a composición das comisións coa presenza do administrador do centro e un representante do PAS, e que se aproben os regulamentos con esa recomendación aos centros.

Apróbanse por asentimento.

Punto 13. Nomeamento do/a representante no Consejo de Estudiantes Universitario del Estado (CEUNE) a proposta do sector alumnado do Consello de Goberno.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes, quen explica que tras a vacante deixada por Brais Fortes, que actuaba en representación dos estudantes da UVigo nese Consello, chegouse ao acordo de nomear a Luis González Varela como representante e a José Miguel Diéguez como suplente. E se presenta aquí para o seu nomeamento, pero parece que houbo algunha dificultade nesa proposta.

Intervén o representante de estudantes, o Sr. Luis González, para explicar que, dado que a Universidade de Vigo carece de Consello de Estudantes, non existe unha estrutura que facilite o traballo dos representantes e, polo tanto, ao non existir un proceso formal de elección, foi difícil acadar o consenso necesario. Indica que é preciso mellorar este proceso para que non sexa necesario acordalo no Consello de Goberno.

O Reitor indica que, en efecto, ao non estar recollido nos estatutos o Consello de Estudantes, a única forma que se nos admite de participación no CEUNE é esta ratificación dos representantes polo Consello de Goberno. Polo tanto a candidatura que se presenta é a que se somete a aprobación.

Apróbase po asentimento, coa abstención de D. Luis González Varela.

Punto 14. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Ángel Rodríguez Gallardo, contra o acordo do Consello de Departamento de Lingua Española, de 19/03/15, no que se aproban as actas das reunións dos días 10/09/14, 4/10/14 e 18/12/14, respectivamente.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral.

Comeza a secretaria xeral lembrando que, como xa indicou o reitor ao inicio da sesión, están invitados a participar neste Consello de Goberno o profesor que presenta o recurso, D. Ángel Rodríguez Gallardo, así como D. Miguel Cuevas Alonso, director do Dpto. de Lingua Española.

Expón que, con data 31 de marzo de 2015, o profesor Ángel Rodríguez Gallardo, membro do departamento Lingua Española, presentou un escrito no que formula impugnación dos acordos das actas dos consellos de Departamento (CD) das datas 10 de setembro, 4 de novembro e 18 de decembro de 2014 que foron aprobadas na sesión do 19 de marzo de 2015. Nese escrito, que foi

enviado aos membros do Consello de Goberno coa convocatoria, o profesor Rodríguez Gallardo refire o seguinte:

1. Que o 18 de marzo presentou no Rexistro Xeral as alegacións e transcripcións íntegras das súas intervencións nas devanditas sesións do CD de Lingua Española,
2. Que estas alegacións referíanse ao punto 2 da sesión do consello do día 19, “Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores”. Que dita documentación non estaba a disposición dos membros do CD, nin foi facilitada coa convocatoria nin informados os membros do Departamento.
3. Que dende o 10 de abril de 2014 o director e a secretaria inclúen reiteradamente información e expresións que non se pronuncian nas sesións, ou ocultan información coa intención de prexudicar ao recorrente.
4. Que estas actuacións están sendo xustificadas pola Secretaría Xeral da Universidade dende o 10 de abril.

E solicita que se acorde a suspensión dos acordos impugnados estimando integramente as pretensións do recorrente, declarando nulos os acordos adoptados no CD do 19 de marzo de 2015 en relación ao punto 2 (Aprobación se procede das actas das sesións anteriores).

Explica a secretaria xeral que, recibido este escrito, foi solicitado informe da Asesoría Xurídica, que tamén foi remitido coa convocatoria deste Consello de Goberno. Resume o que nese informe se recolle, indicando que, ademais dos antecedentes xurídicos relativos aos aspectos que deben ser recollidos nun acta e o dereito a que sexa incorporada como anexo a transcripción íntegra das intervencións dos membros que así o soliciten, para resolver a impugnación presentada polo profesor Rodríguez Gallardo a Asesoría Xurídica responde, inicialmente, aos puntos 1º e 2º do recurso. E así, en relación ás alegacións presentadas con data 18 de marzo de 2015 (referidas ás sesións do 11 de setembro, 6 de novembro e 18 de decembro de 2014) o informe as considera como extemporáneas por dúas razóns:

1. Se ben foron presentadas no Rexistro o día 18 de marzo, segundo o informe solicitado ao director do Departamento, non foron recibidas ata despois da celebración do Consello de Departamento do día seguinte (a convocatoria foi enviada o día 16).
2. A maiores, o Regulamento de Réxime Interno do Departamento establece que *Cando un membro do Consello de Departamento desexe que se recolla textualmente algunha intervención, deberá comunicalo verbalmente ó/a Secretario/a, entregándolle por escrito o texto correspondente no acto ou no prazo que fixe a Dirección do Departamento e se emitise un voto particular, este deberá ser entregado no prazo de 2 días hábiles.*

A continuación, prosegue a secretaria xeral, o informe pasa a referirse ás solicitudes de transcripción íntegra presentadas con anterioridade, con data 11 de setembro e 4 de novembro de 2014, e remítese a un informe previo emitido pola Asesoría Xurídica, de data 18 de decembro de 2014, cun parágrafo que a secretaria xeral pasa a ler textualmente, xa que o seu contido se repite xa en informes anteriores emitidos pola AX en relación ás reclamacións de actas neste Departamento:

<<Se ben é certo que o Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Lingua Española, no seu artigo 11.1, establece que *“figurarán na acta todas aquelas intervencións que os membros do Consello de Departamento desexen que figuren*

expresamente”, as intervencións que o solicitante desexa facer constar refírense a feitos, valoracións ou incluso interpretacións da intención doutras persoas, mais que a intervencións, participacións ou opinións do solicitante relativas ás deliberacións de asuntos da orde do día. Tales intervencións parece que poderían exceder do que debe formar parte da acta en canto a documento que debe reflectir o contido das deliberación e da formación de vontade do órgano colexiado en relación cos asuntos da orde do día, tal como é a súa finalidade. Sen prexuízo de que en todo caso serán os membros do órgano colexiado quen deban dar ou non a súa aprobación á acta e ao seu contido, a efectos de considerar que esta se axusta ou non ao acontecido na sesión.>>

Finaliza a secretaria a presentación deste punto, indicando que, en base ao exposto, propónse a desestimación do recurso presentado por D. Ángel Rodríguez Gallardo.

Toma a palabra o profesor Rodríguez Gallardo para solicitar que conste en acta, de maneira expresa, que a secretaria xeral dixo que a presentación do escrito de impugnación das actas foi extemporáneo. Tamén solicita que a súa intervención, que será enviada por rexistro, se rexistre literalmente neste punto, non como un anexo a acta, e pregunta tamén o porque se presenta a impugnación tantos meses despois da súa presentación.

A continuación, o profesor Rodríguez Gallardo comeza a ler e a comentar o texto que, recibido o día 30 de outubro no Rexistro da Universidade, inclúese a continuación de forma íntegra segundo a súa solicitude (dito texto figura igualmente como **Anexo III** á presente acta).

Asunto: transcripción íntegra da intervención de D. Ángel Rodríguez Gallardo no Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 29 de outubro de 2015:

O 31 de marzo de 2015 impugnei diante da Secretaria Xeral da Universidade de Vigo o acordo do consello do departamento do 19 de marzo de 2015 sobre o punto 2. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, en concreto as actas das sesións do 10 de setembro, do 4 de novembro e do 18 de decembro de 2014. Por que foron necesarios sete meses para que esta impugnación sexa tratada nun Consello de Goberno?

A miña impugnación non afecta ao resto dos acordos ou deliberacións adoptadas polo departamento. Afecta á aprobación de actas de sesións de consellos de departamento de Lingua Española por estar redactadas de xeito tendencioso, e con información manipulada, denigrante e vexatoria contra a miña persoa como un mecanismo de abuso de poder e de práctica de acoso laboral e moral.

Esta mecánica de acoso laboral e moral a través dunha reprodución parcial e manipulada das actas remóntase no meu caso ao consello do departamento do 10 de abril de 2014, cando sete docentes (Miguel Cuevas Alonso, Regina Rodríguez Vega, Inmaculada Báez Montero, Rosa Pérez Rodríguez, Joaquín Sueiro Justel, María José Quilis Sanz, Ana Fernández Soneira) e dúas estudantes (Herminda Otero Doval e Beatriz Suárez Rodríguez) deciden emitir un informe desproporcionadamente desfavorábel á solicitude de catedrática emérita de María do Carmo Henríquez Salido, informe que considereix inxusto e contrario á normativa correspondente.

Ese grupo de docentes e estudantes intentaban impoñer un informe que motivaba a súa animadversión sobre a candidata e non os seus méritos e valía profesional reglados por unha serie de criterios normativos aprobados en Consello de Goberno o 21 de febreiro de 2013. Cumprir os requisitos establecidos na normativa de emérito garanten a relevancia dos servizos prestados e corríxen os vicios que se podan detectar nestas situacións. Do mesmo xeito que non

se pode informar favorable ou desfavorablemente en función da simpatía ou afinidade persoal ou ideolóxica dun docente, non se poden redactar as actas dun órgano colexiado en función deses mesmos criterios. Como sinala a sentenza 112/2015 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense do 4 de xuño de 2015 (adxunto copia da sentenza), favorable ao nomeamento como emérita da devandita catedrática "entiendo que son improcedentes parte de las manifestaciones recogidas en el acta del Consejo de Departamento de Lengua Española, dado que van referidas más a cualidades personales de la solicitante que a examinar si reúne, o no, los requisitos necesarios y marcados por la normativa".

A acta do consello do departamento do 10 de abril de 2014 sufriu continuas modificacións (que denunciéi diante da Xerencia da Universidade de Vigo) por parte da secretaria, Regina Rodríguez Vega, sempre coa fin de manipular as miñas intervencións, creo, que para empregar esa información con fins coercitivos e represivos. Lémbrese que me opuxen a que se validase polo departamento, pola COAP e polo Consello de Goberno un informe desas características. De feito, a acta enviada ao Consello de Goberno para tratar a concesión de emeritaxe a María do Carmo Henriques Salido era un acta non aprobada polo consello de departamento e que foi profundamente modificada antes de ter sido aprobada por votación.

Foi evidente para varios docentes presentes (Antonio Rifón, entre outros) que a denegación da condición de emérita de María do Carmo Henriques Salido non podía responder máis que a que esta era presidenta no tribunal das prazas de Miguel Cuevas Alonso e Regina Rodríguez Vega, director e secretaria do departamento de Lingua Española respectivamente e por ter votado en contra del e dela nas mesmas. A impugnación doutro candidato á proposta de nomeamento de profesor contratado doutor de Miguel Cuevas Alonso, director do departamento de Lingua Española (sentenza 238/2014 do Xulgado nº 2 Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, de 31 de marzo de 2014, da que adxunto copia), ordea a retroacción das actuacións para que a comisión de selección designada emita novos informes razoados respecto de cada candidato conforme aos criterios de valoración previamente determinados, criterios que os membros da comisión, a comisión de reclamacións e a resolución reitoral obviaron. Este pronunciamento non foi recorrido pola universidade facéndose firme porque existía unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 26 de marzo de 2014 que nunha situación similar retrotraía as actuacións dunha praza de profesora contratada doutora da área de lingua española asignada a Regina Rodríguez Vega, secretaria do departamento de Lingua Española. Esta impugnación desfavorable ao director do departamento, Miguel Cuevas Alonso, chégalle ao mesmo tres días antes de que se convoque o consello do departamento de Lingua Española do 10 de abril de 2014, onde se vai tratar a emeritaxe de Henriques Salido.

Por tanto, desde o 10 de abril de 2014 (data na que se trata no consello de departamento a solicitude de emérita de María do Carmo Henriques Salido), o director e a secretaria do departamento de Lingua Española, Miguel Cuevas Alonso e Regina Rodríguez Vega, veñen incluíndo reiteradamente información e expresións que non se produciran ou que non se pronunciaran durante as sesións dos consellos de departamento, coa intención de perxudicarme e denigrarme, como unha práctica habitual de abuso de poder e de acoso laboral e moral empregado nese departamento, rexido pala animadversión entre os seus membros (por exemplo, o voto particular de Ana Fernández Soneira do 11 de abril de 2014 para ratificar a decisión de voto desfavorábel da solicitude de emérita de Henriques Salido sinala o seguinte: "La profesora Henriques Salido ha mostrado y ejercido, siempre, una actitud parcial hacia los miembros del consejo de departamento y una animadversión personal hacia varios profesores de este

departamento, tal y como se puede comprobar, por ejemplo, en los comentarios reflejados en las actas de los consejos de departamento”).

En moitos casos, tal información e expresións inclúen manifestacións vexatorias contra a miña persoa ou vulneran os meus dereitos con actitudes amenazadoras, agresivas, insidiosas e violentas. Noutras ocasións, as actas non refiren informacións que desvelan comportamentos irregulares do director e da secretaria do departamento, malia terse requirido aos mesmos que conste en acta. Por exemplo, o 18 de decembro de 2014 a secretaria intentou gravar ilegalmente a sesión do consello de departamento. Algúns docentes presentes nas sesións dos consellos de departamento teñen cualificado a actitude de acoso do director, Miguel Cuevas Alonso, para coa miña persoa de "obsesiva". Esta práctica de manipulación discursiva empregada na redacción das actas perpetúase ao non admitir de xeito sistemático as miñas alegacións ás mesmas, chegando, nalgúns casos, a non envalas sequera aos/ás outros/as membros do departamento.

O 18 de marzo de 2015 presentei, unha vez enviadas as actas provisionais por correo electrónico pala secretaria, no Rexistro Xeral da Universidade de Vigo, segundo a Lei de Procedemento Administrativo 30/92 e as habituais indicacións do director do departamento de Lingua Española, Miguel Cuevas Alonso, as alegacións e transcripcións íntegras das miñas intervencións durante esas sesións e unha denuncia da representante sindical Adela Sánchez Moreiras sobre as irregularidades no rexistro e desenvolvemento das sesións do consello de departamento de Lingua Española. Toda esta información non estaba a disposición dos membros do consello de departamento (na sede do mesmo ou adxunta á convocatoria) como sinala o artigo 9 do RRI do departamento de Lingua Española e nin sequera os membros do departamento foron informados da existencia de tal documentación, tal e como sinala a sentenza arquivada pala Secretaria Xeral (Tribunal Administrativo de Navarra Sección 3ª, Resolución do 15 de decembro de 2011, rec. 11-03862/2011): "El requisito de constancia en acta de los escritos conteniendo argumentos y propuestas de los corporativos que así lo soliciten -respecto de los asuntos debatidos naturalmente- tiene por finalidad que los restantes miembros del órgano colegiado cuenten con toda la información precisa para decidir con pleno conocimiento acerca de su aprobación, rechazo o posible impugnación, en su caso".

Estas actuacións irregulares do director e da secretaria do departamento de Lingua Española están senda reiteradamente xustificadas pala Secretaria Xeral da Universidade de Vigo (en informes datados o 23/07/2014, 2/10/2014, 19/12/2014) seguindo as "dicotómicas" indicacións da Asesoría Xurídica, sustentadas en concreto no articulado (10.5, 11.1) do RRI do departamento ou nos da Lei 30/92 (artigo 27.1 e 27.2.). Estas indicacións úsanse para admitir por un lado que a acta debe ser un documento que reflecta exclusivamente as deliberacións e a formación da vontade do órgano colexiado cos asuntos da orde do día. Doutra banda, eses articulados legais empréganse para impedir que só as miñas intervencións non inclúan feitos, valoracións ou mesmo interpretacións da intención doutras persoas, permitindo en cambio que tal uso partidario o podan facer o director, a secretaria ou calquera outro membro afín a eles, sempre e cando emita valoracións e interpretacións vexatorias contra a miña persoa.

De feito, esta impugnación que presento estase producindo nunha situación escasamente garantista, dado que se lle volve dar voz ao director do departamento - como se isto fose un careo-, quen é parte do conflito, conflito no que el xa se manifestou ao ser o responsábel de non entregar as miñas alegacións ao resto dos membros do departamento, de negarse sequera a tratalas e a incorporalas. En cambio, como afectado e nunha situación de indefensión, solicitei a

intervención da representante sindical Adela Sánchez Moreiras, como testemuña das irregularidades salientadas e a secretaria xeral negou a súa intervención.

Por último, sinalar que as alegacións á acta do consello de departamento do 10 de setembro de 2014 foron presentadas por rexistro (201400017842) o 11 de setembro de 2014; as alegacións á acta do 4 de novembro de 2014 foron presentadas por rexistro (201400022422) o 6 de novembro de 2014; e novamente vólvense a presentar alegacións ás actas do 10 de setembro de 2014 (201500004665), do 4 de novembro de 2014 (201500004667) e do 18 de decembro de 2014 (201500004668) o 18 de marzo de 2015 ás 10:07:16, con trinta e dúas horas de antelación ao consello de departamento do 19 de marzo de 2015. O mesmo 18 de marzo de 2015 ás 10:53:06 o director do departamento de Lingua Española foi avisado por mail da presentación por rexistro das alegacións ás actas (adxunto copia do mail).

Por todo o cal solicito que se acepte a miña impugnación e que se incorporen ás actas dos devanditos consellos de departamento as alegacións presentadas en tempo e forma por escrito. Existen mecanismos administrativos, antes de acudirnos a outros máis gravosos, para impedir que continúe a manipulación das actas do departamento de Lingua Española."

Finalizada a intervención do profesor que presenta o recurso, o reitor lembra que foi invitado a participar neste Consello de Goberno o director do Departamento de Lingua Española, así mesmo, aclara que dona Adela Sánchez solicitou a súa participación con voz neste Consello de Goberno, pero non se considerou persoa afectada por este punto. Engade que xa hai representantes sindicais no CG, se quere facer chegar a súa intervención.

Cede a palabra a D. Miguel Cuevas, quen explica que non é certo que non se enviaran os documentos presentados polo profesor Rodríguez Gallardo, di que sempre foron remitidos coa convocatoria das xuntas do Consello de Departamento, excepto no caso das alegacións presentadas o día 18 de marzo, xa que reitera que foron recibidas cando a convocatoria xa saíra. Expón que estas alegacións pretenden incorporar documentos que xa estaban informados e xa obraban en poder dos membros do Departamento. En relación coa acusación de acoso que realiza o Sr. Rodríguez Gallardo, responde que a súa docencia radica en Pontevedra na súa totalidade e que tan só pasa pola Facultade en Vigo, os venres, polo que non se entende que acoso pode exercer. Lembra tamén, que esta reclamación de acoso foi tratada pola Comisión de Intervención e Resolución de Conflitos, que ditaminou que non se producía dito acoso.

Intervén o Sr. Xoán Cebro para indicar que na intervención do profesor Rodríguez Gallardo realízanse acusacións gravísimas que, no caso de podérense demostrar, se debería acudir ao xulgado. Indica que os informes da Asesoría Xurídica achegados coa documentación son impecables, na súa opinión; e indica que hai algo que lle chama a atención, que é a mención que se realiza dunha gravación da sesión do Consello de Departamento e que o reclamante indica que achega á súa reclamación. Pregunta, quen realizou dita gravación, xa que debe ser a secretaria quen a realice co consentimento de todos os membros do Consello de Departamento. Formula unha dúbida, en canto ao problema da custodia de dita gravación cando sae do Departamento.

Prodúcese un intercambio de comentarios entre o Sr. Xoán Cebro, o Sr. Ángel Rodríguez Gallardo e dona Adela Sánchez, tralo cal, toma a palabra o profesor Álvarez Villamarín para solicitar que, do mesmo xeito que o fixo o profesor Rodríguez Gallardo, conste en acta que el non escoitou dicir á secretaria xeral que a presentación do escrito de impugnación das actas foi extemporánea, que a secretaria xeral explicou o contido do informe da Asesoría Xurídica. Realiza unha reflexión en relación coa participación das persoas que son invitadas ao Consello

de Goberno para intervir nun punto concreto, propoñendo limitar o tempo das intervencións. Lembra que isto non é un tribunal e que os membros deste Consello non poden decidir sobre o que se se tratou no Consello de Departamento, xa que non estabamos alí.

Solicita a palabra o profesor Rodríguez Gallardo, o reitor lle require que sexa breve, e indica que da gravación da sesión do Departamento devén claramente a manipulación das actas.

Novo intercambio de comentarios acerca da conveniencia de escoitalas, e toma a palabra o director do Departamento de Lingua Española para explicar que as sesións do Consello de Departamento grávanse por parte da secretaria do mesmo. Indica que ata esa sesión, cuxa gravación achega o reclamante, fora o propio profesor Rodríguez Gallardo, quen non aceptaba que foran gravadas, polo que se interrompía a gravación.

Sucédese un intercambio de opinións, que interrompe o reitor para pedir que a secretaria xeral resuma cal é a proposta que se presenta diante do Consello de Goberno.

A secretaria xeral agradece ao profesor Villamarín a súa intervención e indica que tanto a gravación da sesión do Consello de Departamento, da que se está a debater, como a totalidade da documentación relativa a este recurso está á disposición dos membros do Consello de Goberno. Resume a proposta, indicando que nela asúmese o recollido no informe da Asesoría Xurídica presentado coa documentación, e dicir: en relación ás alegacións presentadas con data 18 de marzo de 2015, e que se refiren ás sesións do Consello de Departamento do 11 de setembro, 6 de novembro e 18 de decembro de 2014, deberán ser consideradas extemporáneas e, polo tanto, cómpre a súa inadmisión. En relación ás solicitudes de transcrición íntegra presentadas con anterioridade, con data 11 de setembro e 4 de novembro de 2014, a pesar de que non se consideran transcricións literais de intervencións, deberán ser os membros do Consello de Departamento quen deban dar ou non a súa aprobación á acta e ao seu contido. Polo tanto, enténdese que se debe desestimar a petición do recorrente.

Lévase a cabo a votación da proposta a man alzada, acadándose un resultado de 19 votos a favor, 3 en contra e 5 abstencións. Apróbase, polo tanto, a desestimación do recurso.

Punto 15. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado contra o acordo de 10/04/15, polo que o Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacóns aprobou o procedemento de elaboración do POD e contra a aprobación da proposta de POD 2015/2016.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral. Antes de comezar a presentación do punto, repite que están invitados a participar, con voz pero sen voto, como afectados neste punto: D. Fernando Pérez Fontán (representante dos Prof. que presentan recurso contra o acordo do Consello de Dpto. de Teoría do Sinal e Comunicacóns) e dona Carmen García Mateo (directora do Departamento).

Para contextualizar este recurso, a secretaria xeral lembra que o procedemento de elaboración do POD deste Departamento do ano 2014 foi recorrido por un grupo de profesores. No CG de 26-11-2014 acordouse que como nese procedemento non se cumpría a o artigo 95 da lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia, que establece que *Na elección de materias que se impartan conforme o plan de ordenación docente, atenderase preferentemente á especialización docente de cada profesor ou profesora*, debía ser devolto ao Departamento para a elaboración dun novo, acorde con esta normativa.

Para a elaboración do novo procedemento de elaboración do POD seguiu-se unha sistemática que se detalla no informe da directora do Departamento, que se achega coa documentación, que finaliza coa presentación de tres opcións que foron sometidas a votación no Consello de Departamento (CD), o día 13 de marzo. As tres propostas asignaban a docencia por roldas e diferían no punto de resolución de conflitos e nas horas asignadas nas sucesivas roldas. Nese Consello aprobouse unha das opcións, que foi modificada nunha sesión posterior (o 10 de abril). Seguindo esa proposta, elaborouse o POD do Departamento, aprobado polo CD o 22 de abril.

O día 11 de maio do presente ano, os profesores Fernando Pérez Fontán, Francisco Javier Fraile, José Óscar Rubiños e José Luis Rodríguez, do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións presentaron un escrito polo que interpoñen recurso de alzada contra o acordo de 10 de abril de 2015 e contra a aprobación da propia proposta de POD 2015/16. Indica a secretaria xeral que, para resolver este recurso, foi solicitado informe da AX que, á súa vez, solicitou novo informe da directora de Departamento para aclarar aspectos concretos do fondo do recurso. Toda esta documentación tamén foi achegada coa convocatoria deste Consello de Goberno.

No escrito presentado polos recorrentes criticábase, tras indicar que todo o profesorado do Dpto. ten a mesma especialización docente, que no novo procedemento establécese un baremo no que prima o criterio de ter impartido a materia en cursos anteriores, en detrimento da categoría e antigüidade na praza. Tamén consideran inxusta a limitación a 9 anos o período de docencia que pode ser sometido a avaliación, así como o procedemento de roldas de elección da docencia. Do mesmo xeito, estes profesores, ao considerar ilegal o procedemento de asignación da carga docente por ir en contra do Regulamento de Réxime Interno do Departamento, recorren a aprobación do POD para o curso 15/16.

Polo tanto, solicitan a anulación dos acordos do CD, que se asigne a docencia en caso de conflito en base a criterios de prelación (categoría e antigüidade nesta) unha vez que se teña exercido o dereito á conciliación familiar dos que teñen fillos menores de 3 anos e/ou persoas dependentes ao seu cargo. Finalmente solicitan que se ordene ao Departamento de teoría do sinal e comunicacións á confección dun POD consonte a lei 6/2013 do SUG, aplicando criterios de xerarquía, categoría e antigüidade para resolver os conflitos.

Explica a secretaria xeral, que no informe da AX recóllese inicialmente dous puntos relativos aos prazos de presentación. O recurso, presentado o 11 de maio está, en realidade, dirixido contra o acordo tomado na sesión do 13 de marzo de 2015, cando se aprobaron os criterios de asignación de docencia, polo que, transcorrido máis dun mes, ese acordo devén firme. Tamén se recorre o Consello de Dpto. do 10 de abril, no que non estaban ningún dos reclamantes, polo que notificándose os acordos posteriormente, o recurso si está en prazo e, polo tanto, cómpre entrar no fondo do recurso. Do mesmo xeito, o recurso diríxese contra a aprobación do POD, o 22 de abril, polo que tamén debe entenderse en prazo.

Prosigue a secretaria e explica que a lei 6/2013, do SUG, indica que na elección de horarios terá preferencia o profesorado de maior categoría académica e, no caso de igualdade, o de maior antigüidade. Pero para a elección da materia, atenderase preferentemente á especialización docente. E deben ser os consellos de departamento os que definan e concreten este concepto.

O Departamento de Teoría do Sinal e Comunicación estableceu o criterio de vincular a especialización docente a unha área de coñecemento definida na LOU. Ao ser un departamento monoárea, todos os profesores terán a mesma especialización docente. Mentres non exista

xurisprudencia que concrete o criterio de especialización docente, este acordo tomado no Consello de Departamento do 10 de abril é lexítimo e, polo tanto, procedería desestimar o recurso.

En canto ao POD que foi aprobado o 22 de abril, resulta da aplicación dos criterios aprobados o 13 de marzo (firmes por falta de recurso en prazo) e 10 de abril (desestimado), polo que ao non alegar outros posibles defectos ou vicios, entende a Asesoría Xurídica que tamén procede a desestimación do recurso.

Finaliza a secretaria xeral indicando que en base do exposto, a proposta que se presenta diante do Consello de Goberno é a de desestimar o recurso presentado por D. Fernando Pérez Fontán e outros profesores.

Intervén o profesor Bienvenido Diez, quen explica que o profesor Pérez Fontán non puido estar presente nesta sesión do CG, pero que lle enviou un escrito para que se dea lectura e sexa incorporado a acta. Procede a ler o documento (**Anexo IV**).

Finalizada a lectura, a directora do Departamento dona Carmen García Mateo, intervén e comenta que a documentación presentada neste consello xunto coa convocatoria é fiel ó acontecido no departamento. Matiza que a modificación que foi realizada no punto 1 do procedemento, que define a especialización docente, foi relativa á redacción, non ao seu contido.

Comenta o Sr. Luis González Varela que, aínda que o criterio de antigüidade non lle parece bo, debe considerarse que se non hai outro criterio, pode crearse inseguridade xurídica

O reitor indica que cando un profesor realiza a súa oposición o fai a un área de coñecemento; e para definir a competencia docente debe ser o departamento o que debe tomar as decisións.

O profesor Bienvenido Diez quere repetir na súa intervención o xa exposto en anteriores ocasións, aínda a risco de parecer reiterativo e de coñecer xa a resposta da vicerreitora: é necesaria unha normativa de POD que defina claramente o concepto de especialización. O caso que se trae aquí é dun departamento monoárea, pero noutros departamentos, nos que hai varias áreas, é necesario esta definición, xa que pode resultar que non todos poden dar todo. Débese ter coidado con realizar esta vinculación tan directa entre especialización e área.

Responde o reitor lembrando que o departamento é quen ten a competencia e debe ser o departamento quen decida; é necesario que se asuman as responsabilidades derivadas de dita competencia.

O profesor Álvarez Villamarín intervén para expoñer que o seu Departamento, Economía Aplicada, é monoárea, pero ten especializacións evidentes pola propia historia da súa constitución. Pero resulta claro, na súa opinión, que é o propio Departamento quen debe acordar un criterio para o reparto da docencia, debe ser o departamento o ámbito no que se acorden estes temas.

Intervén o profesor Reigosa Roger, e indica que, cando se realiza a contratación dun profesor para impartir docencia, consideramos que practicamente pode dar calquera materia. Considera que este problema de indefinición foi creado pola Xunta coa súa normativa e que, polo menos, debería ter definido o marco. Recalca que este concepto de especialización pode non quedar claro e considera que deberíamos intentar definir un marco xeral. En base a estas dúbidas, expón que se vai abster en relación con este tema.

O profesor Bienvenido Diez indica o seu acordo co profesor Reigosa.

Intervén a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen lembra que o catálogo de áreas de coñecemento ven definido polo Ministerio, e a esas áreas son ás que opositan os profesores. Son os membros dalgunha área os que consideran que están mal definidas. Destaca a vicerreitora que os actuais departamentos conservan xa poucas competencias e, se cadra, a máis importante é esa: determinar quen son os profesores máis axeitados para impartir unha materia, para cumprir o encargo docente que realiza un centro. Dependendo dos departamentos, a casuística é enorme, engade. Polo tanto, teñen que ser os departamentos os que asuman esta decisión.

Finalizada a quenda de intervencións o reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen resume os criterios expostos no informe da Asesoría Xurídica: por unha banda, o procedemento acordado polo Departamento de Teoría do Sinal é lexítimo e, por outra, o POD foi elaborado consonte ao devandito criterio, e aprobado polo Departamento. Polo tanto, cómpre a desestimación do recurso.

Apróbase por asentimento, con cinco abstencións.

Punto 16. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. María del Carmen Trinidad López contra os acordos adoptados polo Consello de Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía celebrado o día 7 de xullo de 2015.

Punto 17. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. María Eloisa Santos Armentia contra os acordos adoptados polo Consello de Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía celebrado o día 7 de xullo de 2015.

O reitor explica que, dada a similitude dos dous casos, os puntos 16 e 17 da orde do día poden ser tratados en conxunto. Lembra que están invitadas a esta sesión as dúas reclamantes e que o director do Departamento tamén está presente. Cede a palabra á secretaria xeral.

Explica a secretaria xeral que, con data 21 de xullo do presente ano foron presentados no rexistro da universidade senllos escritos das profesoras mencionadas, idénticos en forma e contido, nos que expoñen que na sesión do 7 de xullo foi tratada, entre outros puntos da orde do día, a admisión a trámite das súas teses de doutoramento, dirixidas ambas polo Dr. Javier de la Fuente Aguado, xefe de Medicina Interna do Hospital Povisa. As teses foron inadmitidas a trámite mediante votación a man alzada; e que a inadmisión foi xustificada verbalmente tan só por un dos votantes. Do mesmo xeito, indican as reclamantes que a notificación da inadmisión só foi remitida ás doutorandas, e non ao seu director, e que nese documento tampouco se inclúen os motivos da decisión nin se indican as posibles vías de subsanación nin pé de recurso no caso de desacordo coa decisión. Polo tanto, mediante o seus escritos interpoñen recurso de alzada contra os acordos adoptados na sesión do Consello de Departamento do 7 de xullo, solicitando a anulación dos acordos.

A continuación a secretaria xeral fai un resumo do recollido no correspondente informe da Asesoría Xurídica, tamén achegado aos membros do CG. Neste informe, tras un exame previo da evolución da normativa nos estudos de posgrao e doutoramento, establécese que, dado que as recorrentes comezaron os seus estudos ao amparo do disposto no RD 778/1998 de 30 de abril,

recae no Departamento a competencia da admisión a trámite do proxecto de tese. Tras analizar o recurso e a revisión da correspondente xurisprudencia, conclúese que a falta de motivación da decisión tomada polo Consello de Departamento, conleva a indefensión das persoas interesadas, e determina a anulabilidade do acto, sendo necesario retrotraer o procedemento para que o Consello de Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía expoña de modo detallado as razóns da denegación, no exercicio das competencias atribuídas pola norma.

Finaliza indicando que, asumindo o recollido neste informe, esta é a proposta que se presenta diante deste Consello de Goberno. Tamén lembra a necesidade de notificación aos directores da tese, así como de incluír o correspondente pé de recurso na notificación, indicando que o acordo non esgota a vía administrativa e cal é a vía de presentación do recurso.

Cede a palabra o reitor a dona María del Carmen Trinidad, quen indica o seu acordo coa proposta de retracción ao Consello de Departamento. Comenta que non considera axeitado como se levaron a cabo as votacións, xa que a proposta de tese foi votada por representantes do PAS e outros membros non doutores. Expón a opinión de que para poder analizar con xustiza unha tese de doutoramento, deben ser os membros doutores os que participen e voten.

Intervén a outra persoa reclamante, dona María Eloísa Santos, quen expón que no seu caso o Profesor Berrocal analizara o proxecto de tese e que introduciu algúns cambios, o cal agradece. Amósase de acordo tamén coa proposta.

O profesor Rodríguez Berrocal indica que, tras consultar ao Consello de Departamento, os membros están de acordo coa aceptación da proposta. Explica que na sesión do Consello, no que se inadmitiron as teses, producíronse moitas abstencións, o que, en efecto, leva a pensar que non todos os membros do Consello leron as propostas de tese. Explica que un voto favorable foi o seu, pero que entre os votos en contra cóntanse os de doutores de moito prestixio. Polo tanto, a denegación non pode atribuírse a descoñecemento do tema da tese. Na opinión dalgúns membros, os proxectos non cumpren os requirimentos establecidos. A este respecto, o profesor Rodríguez Berrocal explica que, dende decembro de 2010, existe un documento xeral no Departamento, aprobado nesa data, e que se ofrece aos doutorandos cando se matriculan. Contén unha táboa na que se valoran diferentes criterios de calidade que debe reunir o proxecto para a súa aceptación, valórase a orixinalidade, as publicacións e transferencia derivada etc. As doutorandas o coñecían. Pero tamén, reconece o profesor, que a pesar de que a decisión non foi arbitraria, senón segundo os criterios obxectivos recollidos nese documento, non se argumentou, polo tanto, está de acordo na aceptación da proposta. Solicita que se lle envíe dende a Secretaría Xeral un modelo do texto que se deba engadir á comunicación do acordo do Consello de Departamento.

Apróbase por asentimento.

Punto 18. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de cotutela de tese de doutoramento.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. A vicerreitora explica que este modelo se propón para axilizar os trámites da sinatura dos convenios, ao igual que se fai con outro tipo de convenios. Preséntase en dúas linguas, español e inglés, pero poderá aparecer en outras, en función das institucións que colaboran.

Engade o reitor que se trata dunha facilidade proposta pola Escola Internacional de Doutoramento.

Apróbase por asentimento.

Punto 19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Ocean University of China*, Qingdao – Convenio marco de cooperación internacional entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Burdeos – Modelo de convenio de cooperación internacional entre a *Université de Bejaia (Algérie)* e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma Metropolitana* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma Metropolitana* para a mobilidade de alumnos – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de América* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Latina de América* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Santa Cruz do Sul* para o desenvolvemento de actuacións conxuntas no marco do Campus da Auga – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Euskal Herriko Unibertsitatea* – Internacional multi-socio cultural e acordo marco científico coa *Escuela Europea de Doctorado en Procesos Avanzados de Oxidación (POAs)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional Agraria de la Selva* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional Agraria de la Selva (Perú)* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Centro de Investigación y Desarrollo Tecnológico en Electroquímica, S.C.* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Centro de Investigación y Desarrollo Tecnológico en Electroquímica, S.C. (México)* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica de Santiago del Estero* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica de Santiago del Estero* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de cooperación interinstitucional entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Estatal de Milagro* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Hermilio Valdizán-Huánuco* para el intercambio de estudantes – Convenio específico para o Programa de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada entre as universidades de Vigo, Coruña e o *Instituto Politécnico de Porto* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Juventino Rosask* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Université Mohammed V de Rabat* – Acordo de cotutela de tese de doutoramento coa Universidade “Vasile Alecsandri” de Bacau, Romanía.

Indica o reitor que todos os convenios se axustan aos procedementos. Destaca que o último é o primeiro no que se aplica o modelo aprobado no punto anterior.

Apróbanse por asentimento.

Punto 20. Elección dos membros da Comisión de Calidade: 3 estudantes, 1 PDI e 1 PAS.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen dá lectura ás candidaturas presentadas:

Sector PDI, 1 candidatura para 1 praza:

- Ignacio Bajo Palacio, da Escola de Enxeñaría Industrial

Sector Estudantes, dúas candidaturas para 3 prazas:

- Rodrigo Pousa Diéguez, da Facultade de CC. Económicas e Empresariais
- Diego Rodríguez Varela, da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Sector PAS:

Non se presentaron candidaturas, quedando vacante a praza a cubrir.

Dado que se presentaron menor ou igual número de candidaturas que de postos a cubrir non hai que celebrar eleccións.

Punto 21. Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 2 PDI.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen indica que non se presentaron candidaturas, polo que estas prazas quedan vacantes e serán elixidas en próximo CG.

Punto 22. Rogos e preguntas.

O profesor Álvarez Villamarín fai unha reflexión, en relación cos puntos anteriores e a raíz do acontecido noutras sesións pasadas. Opina que as persoas alleas ao Consello de Goberno que son invitadas para participar nun punto, non deberían estar presentes no momento da votación. Consulta se é posible invitar a saír ós invitados no momento no que finalicen as intervencións e se produza a votación.

A continuación comenta que recentemente se impuxo unha sanción a un alumno do seu centro, despois dun expediente disciplinario. O instructor acordou que fora suspendido por un período de catro meses das actividades docentes, por faltas graves. Entende que na valoración das faltas pode haber disparidade de criterios. Pero, neste caso, que os feitos eran clarísimos e de unha gravidade incuestionable, suspendeuse por catro meses, non por un cuatrimestre. Polo cal, trala suspensión pódese seguir presentando aos exames, polo que as consecuencias son practicamente nulas. Indica que tal vez non se tivera en conta este aspecto.

Contesta a secretaria xeral explicando que a instrución dos procedementos de informacións reservadas e os expedientes disciplinarios son encargados a funcionarios que os levan a cabo co maior rigor e imparcialidade, de acordo cos seus criterios. Nese sentido, destaca que en todo momento se mantén a debida separación entre a fase instrutora e a sancionadora, polo que a Secretaría Xeral mantense allea a todo o procedemento de instrución. Tan só o servizo de Asesoría Xurídica apoia ao instructor na busca de xurisprudencia que sustente as súas decisións. Pero ademais, engade a secretaria xeral, nos expedientes disciplinarios de estudantes existe un aspecto adicional a ter en conta, que é o feito de que o regulamento de disciplina académica que sigue estando en vigor é do ano 54. Co que o encaixe das faltas que resultan probadas no expediente coas sancións reguladas, non sempre é doado, xa que moitas delas teñen que ser encadradas na denominada “falta de probidade”.

O Sr. Luis Pérez Gómez responde á pregunta realizada polo profesor Álvarez Villamarín, indicado que como as sesións do Consello de Goberno son públicas, non se pode pedir aos invitados que as abandonen no momento da votación.

O profesor Rodríguez Berrocal quíxase da complexidade da xestión da facturación electrónica. Refire que nunha reclamación anterior, lle responderon que o feedback que se recibía deste

proceso era moi positivo. Pregunta por que non se aplica a facturas superiores a un importe, por exemplo a 5000 euros. Tamén indica que, mentres que o vicexerente traslada que o investigador debe tan só realizar o pedido electrónico e que a xestión posterior é cuestión de Asuntos Económicos, na realidade el experimenta que o problema é do investigador. Por exemplo, no caso de que a factura electrónica non chegue, xa que dunha parte a retención de crédito está realizada, pero o proveedor non cobra. E iso repercute no investigador, xa que a relación posterior coa empresa se dificulta. Outra reclamación que quere realizar é a lentitude na comunicación entre os distintos servizos da Universidade na xestión económica; prodúcese o ingreso dun diñeiro, pero contabilidade non o declara ata o día 1 do mes seguinte, polo que o diñeiro non está dispoñible e, consecuentemente, non se pode realizar o gasto a esa partida. Con todo isto, refire que a xestión económica leva o 50% do tempo do investigador.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que os datos do que dispón son positivos, reflicten a correcta tramitación a data de máis de 8000 pedimentos, que as facturas se están a pagar nun tempo inferior aos 25 días, o que supón o prazo menor de todas as universidades de Galicia. Recoñece a existencia das disfuncións derivadas da implantación dun novo procedemento e enténdese a necesidade de mellorar algúns aspectos, pero transmite a idea de que a xestión mellorará notablemente cando estean totalmente axustados estes detalles.

Finalizadas as intervencións, o reitor cede a palabra a secretaria xeral que comenta aos membros do Consello de Goberno que, como puideron xa comprobar, tanto nesta sesión como na anterior do Claustro, estanse a realizar as primeiras probas dunha aplicación que vai permitir a xestión dos órganos colexiados; facilitando o control das altas e baixas que se produzan en cada sector, a verificación da asistencia e do quórum das distintas sesións, a tramitación de dietas e gastos de desprazamento etc. Explica a secretaria que esta aplicación precisa unha tarxeta universitaria emitida con posterioridade ao 2012 (con chip). Pégase que aqueles membros que xa dispoñan dela, a traian á próxima sesión e, aos que non dispoñan dela, que a soliciten na oficina do Santander da Cidade Universitaria. A entrega é inmediata e a foto se realiza no momento. No caso de que sexan moitos os membros do CG que non dispoñan dela, pode acordarse que se traslade unha unidade de dita oficina para a emisión das tarxetas á próxima sesión do CG, pero nese caso é necesario que os interesados se presenten na primeira convocatoria, para evitar o retraso.


Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 h do día 29 de outubro de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris